

## Despoboación, envellecemento e políticas sociais en Castela e León

José Manuel Díez Modino / Ana Pardo Fanjul\*

Universidad de León – Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales

Recibido: 24 de xuño de 2020 / Aceptado: 20 de setembro de 2020

### Resumo

Envellecemento e despoboamento son os dous principais desafíos do reto demográfico ao que se enfrontan varias rexións de España e de Europa. Aínda que o avellentamento pode ser considerado como un logro das sociedades, o despoboamento párecese máis a un fracaso. Estes dous fenómenos interactúan entre si, de forma que o despoboamento, ao estar provocado por baixas taxas de natalidade ou por emigración de poboación nova, contribúe a que o índice de vellez sexa maior, e o envellecemento, pola súa banda, agrava o problema de despoboamento, xa que unha poboación envellecida ten menores taxas de natalidade e, finalmente, aumenta as taxas de mortalidade. Non obstante, esta relación entre envellecemento e despoboamento non ten por que ser unicamente nesa dirección; é posible –e cada vez parece máis necesario– que as políticas orientadas á atención e aos cuidados das persoas maiores contribúan a paliar o problema do despoboamento. O obxectivo deste traballo é mostrar que é preciso converter o envellecemento nun reto para combater o problema do despoboamento, especialmente a través das políticas sociais orientadas á atención das persoas maiores.

### Palabras clave

Despoboamento / Envellecemento / Políticas sociais.

## Depopulation, ageing and social policies in Castilla y León

### Abstract

Ageing and depopulation are the two main challenges of the demographic issue facing several regions of Spain and Europe. Although ageing can be seen as an achievement of societies, depopulation seems more like a failure. These two phenomena interact with each other, so that depopulation, being driven by low birth rates or the emigration of young people, contributes to a higher rate of elderly people and ageing, in turn, aggravates the problem of depopulation since an ageing population has lower birth rates and eventually increases mortality rates. However this relationship between ageing and depopulation need not be solely in that direction; it is possible, and increasingly seems necessary, for policies geared towards the care of the elderly to aim of this paper is to show that it is necessary to turn ageing into a challenge to fight the problem of depopulation; especially by means of social policies aimed at the attention of the elderly.

### Keywords

Depopulation/ Ageing / Social policies.

**JEL Codes:** I38, J11, J18.

## 1. Introducción

Un dos problemas máis transcendentales que se aborda na actualidade en Europa é o estudo do envellecemento e a súa relación co despoboamento. O aumento da esperanza de vida, os cambios nas pautas reprodutivas e as modificacións na organización das familias levaron a cambios significativos no modelo de sociedade.

\* Correspondencia autor: [ana.pardo@unileon.es](mailto:ana.pardo@unileon.es)

Está claro que o despoboamento é un fenómeno xeneralizado, pero afecta máis a aquelas áreas menos poboadas e aos pequenos municipios (Comisionado del Gobierno frente al Reto Demográfico, 2019). En España, segundo os datos do Instituto Nacional de Estadística (INE), o 90% da poboación vive no 30% do territorio (Madrid e o litoral); un problema que se vai agravando pola elevada esperanza de vida dos españois e o consecuente envellecemento.

En Castela e León o envellecemento, o despoboamento e as desigualdades entre o mundo urbano e o rural teñen un papel determinante no aumento da exclusión social (Lorenzo, 2014).

Ao longo deste traballo mostraremos a evolución da poboación, principalmente en España e as súas comunidades autónomas, cunha especial atención ao caso de Castela e León, onde a dinámica demográfica regresiva é un problema crecente con desafíos específicos e que require solucións concretas. Xunto á evolución da poboación, e para poder explicala, débense abordar outros aspectos como a análise das poboacións avellentadas, a falta de servizos (de saúde, transporte e enerxía) e a conexión a internet limitada. En particular, estudárase o outro gran desafío do reto demográfico: o envellecemento. Sendo este un problema xeral no mundo desenvolvido, éo de forma moi significativa en Castela e León.

Aínda que as interrelacións entre estas dúas cuestións parecen conducir a un círculo vicioso, no presente traballo pretendemos mostrar que o círculo podería ser virtuoso de converter o envellecemento –e a súa atención– nun reto para combater o complicado tema do despoboamento. En consecuencia, o obxectivo deste traballo é mostrar como se pode atacar o despoboamento a través das políticas sociais deseñadas para abordar os problemas do avellentamento.

A partir desta introdución, e finalizando cun apartado de conclusións, o traballo estrutúrase como segue: no apartado 2 poremos de manifesto o grave problema de despoboamento ao que se enfronta a Comunidade de Castela e León, tanto en termos absolutos como en relación co resto de comunidades autónomas e co conxunto nacional. Este tema non é novo, e foise agravando ao longo dos últimos cincuenta anos, sendo máis preocupante nas provincias menos industrializadas e, especialmente, nas zonas rurais. No apartado 3 estudamos o progresivo envellecemento da poboación de Castela e León, sen entrar, por cuestións de espazo, en ámbitos territoriais máis pequenos. No apartado 4 analizamos a tardía e nada eficiente reacción dos poderes públicos ante o reto demográfico, para apuntar no apartado 5 liñas de actuación que permitan paliar o problema do despoboamento, fundamentalmente a través de políticas de tipo social centradas en mellorar as condicións e a calidade de vida das persoas maiores, que en moitos casos presentan un importante grao de vulnerabilidade.

## 2. Poboación e despoboamento

A evolución demográfica fai que Europa se atope no que Dumont (2001) bautizou como “inverno demográfico”. A UE-28 presenta tres características comúns en canto á poboación: unha relativa estabilidade do número de decesos, unha clara diminución do número de nacementos e un afundimento do crecemento vexetativo (negativo nalgúns países). Podemos dicir o mesmo dos países de Europa na súa totalidade. O crecemento vexetativo de toda Europa é baixo e mesmo, a miúdo, negativo. Desde mediados dos anos setenta do pasado século, Europa, considerada globalmente, rexistra un índice de crecemento vexetativo negativo (Dumont, 2001). O escaso crecemento da poboación total da UE débese á migración neta. De feito, sen a inmigración, as poboacións de Alemaña, Grecia e Italia descenderían nos últimos anos (Comisión de las Comunidades Europeas, 2007) (Figura 1).

Se a unha taxa de fertilidade baixa (1,56 no ano 2018 para a UE-28) lle engadimos un incremento da esperanza de vida duns dez anos desde a década dos anos sesenta (é de 81 anos no ano 2018 para a UE-28), obtemos como resultado un cada vez máis preocupante envellecemento da poboación.

A poboación española veu crescendo de forma continuada durante todo o século XX, coas excepcións de dous anos en que experimentou taxas negativas no crecemento vexetativo coa redución duns miles de habitantes: en 1918, como consecuencia dunha pandemia de gripe<sup>1</sup>, e en 1939, debido á Guerra Civil (Cabré, Domingo e Menacho, 2001). No século XXI continuou a mesma tendencia, aínda que a crise económica iniciada no ano 2007 ocasionou un descenso da poboación total española no período 2013-2016. Neste caso, o descenso foi provocado por un saldo migratorio negativo, debido tanto aos españois que emigraron como aos inmigrantes que retornaron aos seus países (Castro-Martín, Martín-García, Abellán, Pujol e Puga, 2015).




Figura 1. Taxa bruta de cambio total da poboación e taxa bruta de migración neta 2008-2019 (por cada 1.000 habitantes) na UE-28. Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Eurostat.

Esta tendencia poderíase xeneralizar para o conxunto das comunidades autónomas españolas, polo menos durante a primeira metade do século XX en que todas viron incrementada a súa poboación entre os anos 1900 e 1950 grazas a un importante crecemento vexetativo<sup>2</sup>.

A segunda metade do século XX e as dúas primeiras décadas do XXI presentan unha gran disparidade entre comunidades autónomas en canto á evolución da poboación, como se mostra na Figura 2<sup>3</sup>. De feito, durante as cinco décadas consideradas<sup>4</sup> a poboación española creceu un 39%, pero tres comunidades teñen menos poboación no ano 2020 da que tiñan no ano 1971: Principado de Asturias (3,2%), Extremadura (9%) e Castela e León (10,3%). O resto de comunidades presentan un balance positivo, aínda que, salvo as Illas Baleares e Canarias, todas perderon poboación nalgún do últimos cincuenta anos considerados na serie, pero con grandes variacións.

Na primeira metade do período considerado, ata o ano 1995, Castela-A Mancha, Castela e León, Extremadura e a Cidade Autónoma de Melilla perderon poboación. Non obstante, na segunda parte do período, e a pesar do descenso case xeneralizado entre os anos 2013 e 2016, anos en que descendeu a poboación total española a causa principalmente do saldo migratorio negativo, só perderon poboación as tres comunidades do noroeste peninsular: Galicia (1%), Castela e León (5,1%) e Asturias (6,2%).

<sup>1</sup> Coñecida como a “gripe española” e nalgúns casos tamén como o “mal de moda”, lembrada desgraciadamente un século despois a causa da covid-19.

<sup>2</sup> Unha descrición da evolución da poboación por comunidades autónomas no século XX pode consultarse en Alcaide (2007).

<sup>3</sup> Enténdese como poboación residente nun determinado ámbito xeográfico aquelas persoas que na data de referencia teñen establecida nel a súa residencia habitual.

<sup>4</sup> Tómase este período por utilizar a serie homoxénea do INE desde o ano 1971.




Figura 2. Variación da poboación residente por comunidades autónomas. Fonte: elaboración propia con datos do INE. Poboación residente a 1 de xaneiro de cada ano.

Castela e León é a única comunidade autónoma española que perdeu poboación nos dous subperíodos considerados, pasando de 2.668.279 habitantes no ano 1971 a 2.393.285 no 2020: unha perda de máis de 275.000 habitantes, o que representa case o 10,3% da poboación residente no ano 1971, fronte a un aumento da poboación nacional superior ao 39%. Pero se a perda absoluta é importante, éo tanto ou máis a súa persistencia, xa que ao longo do período considerado a poboación castelanleonesa só creceu moi lixeiramente nos anos 1982 e 1983 e mais durante o período de bonanza económica e forte inmigración entre os anos 2003 e 2009, como se reflicte na Figura 3 onde se compara a evolución da poboación residente en Castela e León e en España.




Figura 3. Variación anual da poboación. Fonte: elaboración propia con datos do INE. Poboación residente a 1 de xaneiro de cada ano.

Baseándose nas tendencias demográficas actuais, o INE (2018) elaborou as proxeccións de poboación co horizonte 2033 para as comunidades autónomas e as provincias. De acordo con esas proxeccións, realizadas tendo en conta tanto as estimacións das taxas de natalidade e mortalidade como do saldo migratorio, Castela e León perderá cada ano en torno ao 0,6% dos seus residentes, de forma que no ano 2033 perdería un 8,7% da poboación que tiña no 2018, máis de 210.000 habitantes. En consecuencia, e se non cambian as tendencias demográficas, nas seis décadas comprendidas entre 1972 e 2033 a poboación residente en Castela e León reducirase en 460.000 habitantes.

Dentro da propia comunidade autónoma, a poboación das nove provincias que a forman tamén tivo unha evolución moi dispar, como reflicte a Figura 4. A poboación de Valladolid incrementouse nun 26%, mentres que todas as demais perderon poboación: Burgos e Segovia moi lixeiramente, despois do importante aumento entre os anos 2003 e 2008, e Salamanca un 13,5%; pola contra, Ávila e Soria perderon a cuarta parte dos seus residentes, León e Palencia, ao redor da quinta parte, e Zamora máis dun terzo. Esta desfavorable evolución da poboación provincial presenta un trazo máis negativo aínda: desde o ano 2012 as nove provincias teñen cada ano menos poboación ca o anterior.

Como as proxeccións de poboación están baseadas nas tendencias demográficas actuais, o futuro é máis preocupante para aquelas provincias que máis poboación veñen perdendo nos últimos anos. Nos próximos 15 anos, Zamora perderá máis do 16% dos seus efectivos e León e Ávila en torno ao 11% cada unha; no caso de León, iso tradúcese en máis de 52.000 habitantes. Loxicamente, estas estimacións son as que se corresponden co escenario central da proxección do INE, pero non son descartables escenarios con menores taxas de fecundidade e saldos migratorios menos favorables, o que agravaría o problema. Por todo isto, é necesario adoptar medidas que afecten de maneira positiva a estas variables e que permitan modificar as tendencias actuais.




Figura 4. Evolución da poboación residente por provincias, 1971-2020. Fonte: elaboración propia con datos do INE a 1 de xaneiro de cada ano.

Castela e León, ademais de ser a comunidade autónoma máis extensa de España e estar dividida en nove provincias, ten unha poboación moi diseminada, xa que está configurada administrativamente en 2.248 municipios, o que representa o 28% dos existentes no Estado<sup>5</sup>. A característica dominante des-

<sup>5</sup> Ademais, a maioría destes municipios están formados por varios núcleos, o que implica que os 2,4 millóns de habitantes de Castela e León están distribuídos en máis de 6.000 entidades locais.

tes municipios é o seu reducido tamaño en termos de poboación, como se mostra na Táboa 1. Só 23 municipios (o 1% do total) teñen unha poboación superior aos 10.000 habitantes, e unicamente 13 superan os 30.000<sup>6</sup>.

Táboa 1. Distribución dos municipios de Castela e León por tamaños

	<100		100-500		500-1.000		1.000-2.000		2.000-5.000		5.000-10.000		>10.000		Total	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Ávila	94	37,9	117	47,2	19	7,7	6	2,4	7	2,8	4	1,6	1	0,4	248	100,0
Burgos	160	43,1	154	41,5	31	8,4	16	4,3	5	1,3	2	0,5	3	0,8	371	100,0
León	5	2,4	95	45,0	52	24,6	28	13,3	19	9,0	6	2,8	6	2,8	211	100,0
Palencia	72	37,7	88	46,1	12	6,3	9	4,7	5	2,6	4	2,1	1	0,5	191	100,0
Salamanca	81	22,4	228	63,0	24	6,6	13	3,6	6	1,7	6	1,7	4	1,1	362	100,0
Segovia	75	35,9	90	43,1	21	10,0	12	5,7	6	2,9	4	1,9	1	0,5	209	100,0
Soria	116	63,4	48	26,2	8	4,4	3	1,6	6	3,3	1	0,5	1	0,5	183	100,0
Valladolid	58	25,8	112	49,8	14	6,2	17	7,6	11	4,9	9	4,0	4	1,8	225	100,0
Zamora	29	11,7	175	70,6	28	11,3	12	4,8	1	0,4	1	0,4	2	0,8	248	100,0
Total	690	30,7	1.107	49,2	209	9,3	116	5,2	66	2,9	37	1,6	23	1,0	2.248	100,0

Nota: hai discrepancias nos datos da poboación residente total de cada provincia en función de se as cifras se toman de *cifras de poboación* ou de *cifras oficiais de poboación dos municipios españois: revisión do Padrón Municipal*, ambas as dúas do INE ([https://www.ine.es/dyngs/inebase/es/categoria.htm?c=Estadistica\\_P&cid=1254734710984](https://www.ine.es/dyngs/inebase/es/categoria.htm?c=Estadistica_P&cid=1254734710984)). En calquera caso, a cifra total está ao pé dos 2,4 millóns de habitantes en Castela e León. Fonte: elaboración propia a partir dos datos do INE a 1 de xaneiro de 2019.

A Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007) establece a cifra de 30.000 habitantes para definir o medio rural, sempre que esta vaia acompañada dunha densidade inferior a 100 habitantes por km<sup>2</sup>. Outros organismos definen as áreas rurais utilizando a densidade de poboación, ás veces asociada cun determinado volume de poboación: OCDE, menos de 150 habitantes por km<sup>2</sup>; Eurostat, menos de 5.000 habitantes e un conxunto de cuadrículas contiguas de 1 km<sup>2</sup> cunha densidade inferior a 300 habitantes (Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino [MARM], 2009). Utilizando calquera destas definicións teriamos que convir que case todo o territorio de Castela e León estaría catalogado como rural. Con todo, nos estudos de desenvolvemento rural adóitase utilizar o criterio de menos de 2.000 habitantes para identificar os municipios rurais (López Trigal e Prieto Sarro, 1999; Zoido e Arroyo, 2003).

Utilizando este último criterio, 2.122 municipios castelanleoneses poden considerarse rurais, porque a 1 de xaneiro de 2019 tiñan menos de 2.000 habitantes, que supón o 94,4% dos existentes na rexión. Pero hai outro dato máis representativo e preocupante: o 80% dos municipios teñen unha poboación inferior a 500 habitantes, achegándose esta porcentaxe a 90 no caso de Soria e superando o 85 en Salamanca e Ávila. Estes, que poderíamos denominar *micromunicipios*, parecen estar condenados á súa desaparición, ben por quedar deshabitados ou ben por fusionarse con outros de maior tamaño. Así e todo, actualmente reside neles máis do 12% da poboación de Castela e León. Unha porcentaxe similar vive en municipios cunha poboación comprendida entre os 500 e os 2.000 habitantes, polo que a cuarta parte da poboación habita en municipios rurais<sup>7</sup>. Loxicamente, a poboación rural presenta unha tendencia claramente decrecente, contribuíndo ao baleirado da España interior, xa que no ano 2001 a poboación rural de Castela e León ascendía a case o 30%, e en 1981 ao 34% do total (Zoido e Arroyo, 2003) (Táboa 2).

<sup>6</sup> As nove capitais de provincia máis Ponferrada, Miranda de Ebro, Aranda de Duero e San Andrés del Rabanedo.

<sup>7</sup> Destacan algunhas provincias, como Zamora, onde case a totalidade da poboación provincial é rural, e Segovia e Ávila, onde se supera o 34%.

Táboa 2. Distribución da poboación de Castela e León por tamaño dos municipios

	<100		100-500		500-1.000		1.000-2.000		2.000-5.000		5.000-10.000		>10.000		Total	
	Hab.	%	Hab.	%	Hab.	%	Hab.	%	Hab.	%	Hab.	%	Hab.	%	Hab.	%
Ávila	5.795	3,7	25.553	16,2	13.574	8,6	9.671	6,1	20.803	13,2	24.500	15,5	57.744	36,6	157.640	100,0
Burgos	8.746	2,5	32.493	9,1	20.628	5,8	23.920	6,7	14.649	4,1	12.323	3,5	244.199	68,4	356.958	100,0
León	385	0,1	28.452	6,2	36.847	8,0	40.183	8,7	54.527	11,9	40.172	8,7	259.435	56,4	460.001	100,0
Palencia	4.184	2,6	18.883	11,7	9.208	5,7	12.431	7,7	12.294	7,6	25.568	15,9	78.412	48,7	160.980	100,0
Salamanca	5.558	1,7	52.604	15,9	17.190	5,2	16.257	4,9	16.646	5,0	37.748	11,4	184.116	55,8	330.119	100,0
Segovia	4.042	2,6	19.686	12,9	15.169	9,9	15.476	10,1	17.856	11,7	29.226	19,1	51.674	33,7	153.129	100,0
Soria	5.203	5,9	9.195	10,4	5.840	6,6	4.239	4,8	19.272	21,7	5.489	6,2	39.398	44,4	88.636	100,0
Valladolid	3.484	0,7	24.849	4,8	9.201	1,8	21.998	4,2	38.191	7,4	59.997	11,5	361.826	69,6	519.546	100,0
Zamora	2.045	1,2	44.169	25,6	19.657	11,4	15.667	9,1	2.947	1,7	8.713	5,0	79.341	46,0	172.539	100,0
Total	39.442	1,6	255.884	10,7	147.314	6,1	159.842	6,7	197.185	8,2	243.736	10,2	1.356.145	56,5	2.399.548	100,0

Fonte: Elaboración propia con datos do INE a 1 de xaneiro de 2019.

Estes datos poñen de manifesto que as políticas de desenvolvemento rural e as medidas orientadas a manter a poboación nese medio non conseguiron o obxectivo que supostamente perseguían. A poboación rural de Castela e León, desde o importante proceso migratorio da década dos anos sesenta do século pasado, experimentou un forte proceso de avellentamento que afectou de forma negativa á taxa de reposición –aquela que permite manter constante a poboación en ausencia de migracións e que está establecida nunha fecundidade de 2,1 fillos por muller–, o que está a implicar un descenso de poboación tanto en termos absolutos coma relativos respecto dos totais provinciais.

### 3. Envellecemento

Outro dos problemas que se teñen en conta dentro do reto demográfico é o relacionado co envellecemento da poboación. Aumentar a esperanza de vida da poboación sempre foi considerado como un logro das sociedades, que se conseguiu mediante melloras na calidade de vida e avances na medicina, polo que alongar a vida dos seres humanos non é un problema en si mesmo. O problema xorde cando aumenta de forma desproporcionada a porcentaxe de poboación maior respecto ao total; é dicir, cando cambia a distribución da poboación por idades e a pirámide de poboación deixa de ser tal, chegando a asemellarse a unha pirámide invertida.

Na Figura 5 preséntanse as pirámides de poboación de Castela e León, en grupos quinquenais, correspondentes aos anos 1976<sup>8</sup>, 1989 e 2020. A pirámide correspondente ao ano 1976 presenta xa unha lixeira estrutura regresiva, na que as dúas primeiras cohortes quinquenais teñen menos efectivos que as seguintes, pero o gran salto prodúcese no último cuarto do século XX. Neste período, as cohortes correspondentes á poboación nova (menores de 15 anos) perderon a metade dos seus efectivos debido fundamentalmente ao drástico descenso da taxa de natalidade, que baixou de 14,4 nacementos por cada mil habitantes no ano 1976 a 6,9 en 1998 (Consejo Económico y Social de Castilla y León [CESCYL], 2017). Como consecuencia deste descenso da natalidade, que xa no ano 1986 baixara de 10 nacementos por cada mil habitantes, a pirámide do ano 2020 presenta unha forma que poderíamos denominar de árbore, cun tronco formado polas sete primeiras cohortes (menores de 35 anos) e cunha copa que alcanza a súa máxima dimensión nas idades comprendidas entre 50 e 59 anos.

Coas tendencias demográficas actuais, a proxección da poboación realizada polo INE para 2033 presenta claramente a forma de pirámide invertida, sendo a cohorte con máis efectivos a correspondente a 65-69 anos, que contará con máis de 180.000 persoas, case o triplo que a primeira cohorte, os menores de 5 anos. A lixeira ampliación que se aprecia para as cohortes 20-24 e 25-29 é consecuencia da repunta da natalidade experimentada no período 2003-2012, que superou os 7,5 nacementos por

<sup>8</sup> Para o ano 1976 a última cohorte da que se facilitan datos é para a idade de 85 e máis anos.

cada mil habitantes, cifra que non se alcanzaba desde o ano 1993. Actualmente, sitúase no contorno do 6 por mil (INE, 2020a). Este pequeno incremento da natalidade neses anos, se non se ve contrarrestado pola emigración, permitirá aumentar o número de mulleres en idade fértil, o que pode ter efectos positivos sobre a natalidade na década dos anos trinta (Figura 6).

En calquera caso, o problema demográfico de Castela e León é moi grave dado que, ao case continuo descenso de poboación das últimas cinco décadas, hai que sumar o seu alto grao de envellecemento e a falta de substitución xeracional. Dos índices que se mostran na Táboa 3, destaca o correspondente ao índice de envellecemento (cociente entre a poboación maior de 64 anos e a menor de 15, en porcentaxe). Este índice, que se multiplicou por máis de 4 nas últimas cinco décadas, mostra claramente a inversión da pirámide, de forma que no ano 2020 os maiores de 64 anos son máis do dobre ca os menores de 15, cando no ano 1976 eran a metade. A iso hai que engadir que, tal e como indica a pirámide de proxección para 2033, as xeracións novas son cada vez menos numerosas, o que á súa vez afectará negativamente á natalidade. O índice de vellez mostra que no ano 2020 máis da cuarta parte da poboación é maior de 64 anos.




Figura 5. Pirámides de poboación de Castela e León. Nota: en lugar de porcentaxes utilizouse o número de persoas, a fin de reflectir máis fielmente a variación de poboación en cada cohorte. Fonte: elaboración propia con datos do INE.

O envellecemento da poboación de Castela e León é moito maior ca o de España, pero tamén o é o *sobreenvellecemento*, ou o que algúns denominan o envellecemento do envellecemento. En Castela e León a poboación maior de 84 anos representa case o 22% da poboación maior de 64 anos, mentres que en España a porcentaxe queda por baixo do 17%. Loxicamente, o problema do avellentamento é moito máis preocupante nas zonas rurais, onde, ademais de quedar pouca poboación, esta é moi maior (Táboa 3).






Figura 6. Pirámide de poboación de Castela e León. Proxección a 2033. Fonte: elaboración propia a partir dos datos do INE (2018).

Táboa 3. Indicadores da estrutura demográfica

Índices	Castela e León				España 2020
	1976	1998	2020	Proxección 2033	
Infancia	24,11	12,79	11,73	9,71	14,38
Mocidade	23,16	21,73	13,10	14,18	15,45
Vellez	12,48	21,27	25,64	33,22	19,43
Envellecemento	51,79	166,28	218,60	342,13	135,11
<i>Sobreenvellecemento</i>	5,93	11,83	21,69	18,74	16,94
Substitución	193,08	60,14	45,75	29,23	74,01
Recambio poboación activa	7,66	9,06	11,60	14,10	9,28

Fonte: elaboración propia con datos do INE utilizando as definicións da Junta de Castilla y León [JCYL] (2019a).

#### 4. Políticas fronte ao reto demográfico

Ante este panorama demográfico tan negativo, é preciso adoptar medidas que tenten cambiar a tendencia, polo que haberá que aplicar políticas capaces de fixar poboación nos territorios máis afectados polo despoboamento. En realidade, habería que adoptalas antes de que o problema comezase a presentar síntomas de irreversibilidade, pero ata iniciado o século XXI non se desenvolveron plans específicos contra o despoboamento. No ano 2005 parece que a Unión Europea toma conciencia do problema demográfico, como o demostra a reunión informal de líderes da UE coñecida como o Cume de Hampton Court, onde os xefes de Estado e de Goberno sinalaron que o envellecemento da poboación é

un dos retos máis importantes ao que a Unión Europea lle deberá facer fronte nos próximos anos. Ese mesmo ano aparecera a *Comunicación de la Comisión. Libro Verde «Frente a los cambios demográficos, una nueva solidaridad entre generaciones»* (Comisión de las Comunidades Europeas, 2005); e no ano 2006 a Comisión publica unha nova comunicación: «*El futuro demográfico de Europa: transformar un reto en una oportunidad*» (Comisión de las Comunidades Europeas, 2006).

En España, no ano 2000 a Comunidade Autónoma de Aragón redactou o *Plan Integral de Política Demográfica y Poblacional*, e en 2005 o Parlamento rexional de Castela e León acordou o documento programático *Lucha contra el despoblamiento. Estrategia regional*, composto por 73 medidas (Pinilla e Sáez, 2016); en ambos os casos con escasos ou nulos resultados.

O Senado de España aprobou no ano 2015 o *Ponencia de estudio para la adopción de medidas en relación con el despoblamiento rural en España*, e no ano 2017 créase o Comisionado del Gobierno para el Reto Demográfico, que debería elaborar e desenvolver unha “Estrategia Nacional ante el Reto Demográfico”. Ese mesmo ano o Comité Europeo das Rexións fai público o seu ditame *La respuesta de la UE al reto demográfico*, do que foi relator o daquela presidente da Junta de Castilla y León Juan Vicente Herrera.

Todas estas iniciativas institucionais ofrecen unhas boas declaracións de intencións e expoñen unha serie de obxectivos e medidas dificilmente cuestionables pero, ao tempo, difíciles de pór en práctica aínda no caso de que houbera unha forte vontade política de facelo, que non parece que existise.

Ante un problema como o despoboamento é difícil tomar medidas contundentes e efectivas, pero aínda o é máis cando se pretende minimizar –e mesmo ocultar– o problema. Na *Agenda para la población de Castilla y León* (JCYL, 2010) preténdese minimizar este asunto afirmando que “más de la mitad de las regiones europeas tienen una evolución demográfica reciente más débil que Castilla y León”, ou que “en solo diez años hemos ascendido más de 100 puestos en la clasificación de las regiones europeas en función del crecimiento de la población” (p. 1); ou cando se di que “Castilla y León ha venido ganando población en la última década”, ou que “el diferencial de Castilla y León con el conjunto de España continúa estrechándose” (pp. 3-4). Loxicamente, os datos manexados na *Agenda* son os correspondentes ao período 2000-2009 que, como pode verse na Figura 3, é o único do últimos corenta anos cun crecemento poboacional sostido en Castela e León.

Nesta *Agenda* establécese como obxectivo xeral “Mejorar la evolución demográfica de Castilla y León, para que nuestra Comunidad se sitúe entre las 100 regiones europeas –de case 300– con mayor avance neto de su población en el período 2010-2020” (p. 20), ademais doutros seis obxectivos específicos e mais un amplo conxunto de medidas agrupadas en seis categorías. Centrándonos no obxectivo xeral, chegamos á conclusión de que a *Agenda* foi un fracaso, pois cos últimos datos de Eurostat (2020), na clasificación de variación da poboación entre os anos 2010 e 2018 Castela e León ocupa o posto 348 das 370 NUTS 3 consideradas; só 22 rexións tiveron un peor comportamento que Castela e León. Isto deixa a rexión moi lonxe dos 100 primeiros postos.

Na modificación da *Agenda para la población de Castilla y León*, aprobada no ano 2017 (JCYL, 2017), detállanse ata 174 medidas, agrupadas en: emancipación dos novos; apoio ás familias; integración dos inmigrantes; apoio á cidadanía no exterior; e outras. A inmensa maioría destas medidas están orientadas para actuar na parte baixa da pirámide de poboación, agás as referidas á cidadanía no exterior, cuxa incidencia sobre o despoboamento non parece relevante. Porén, chama a atención a falta de decisións dirixidas a mellorar o benestar dos maiores, cando as políticas orientadas neste sentido si poden contribuir a paliar o problema do despoboamento.

## 5. Posibles solucións

Se se considera que o excesivo avellentamento da poboación é un problema, non é porque a poboación teña unha esperanza de vida maior, senón pola relación entre a poboación maior e a total ou, máis concretamente, e a poboación nova. Neste sentido, calquera intento de paliar o problema do envellecemento pasará por actuar na base da pirámide.

Tanto se se pretende reducir o índice de envellecemento coma se o obxectivo é incrementar a poboación, é necesario aumentar a poboación nova, e a forma de facelo é mediante a inmigración e mellorando a taxa de natalidade. Non obstante, os intentos de aumentar a poboación premiando a natalidade teñen escasos efectos e, en todo caso, só no curto prazo, dado que serve de pouco que haxa máis nacementos se, nalgunha das súas etapas formativas, os nenos ou mozos teñen que abandonar o seu lugar de residencia para continuar os seus estudos. Con todo, aínda máis grave é que, cando finalizan a súa formación, se ven obrigados a emigrar á procura de oportunidades de traballo que o seu lugar de nacemento non lles ofrece. Neste sentido, é interesante o artigo de González-Leonardo e López-Gay (2019), quen, cos datos do censo do ano 2011, afirman que o 35,5% das persoas nadas en Castela e León, que teñen entre 25 e 39 anos e que posúen un título universitario reside noutras autonomías. En consecuencia, non é suficiente con aumentar a natalidade nin con dispor dun sistema educativo eficiente; se non hai emprego, non hai fixación de poboación.

Da mesma forma, as políticas para atraer inmigrantes teñen escasos efectos se non atopan os postos de traballo que lles permitan obter uns niveis de ingresos dignos. Isto permite explicar o espectacular incremento de poboación estranxeira no período 2000-2010 e o descenso que seguiu, principalmente, desde o ano 2012. Sería preciso orientar a política migratoria cara á atracción de traballadores tanto no sector agropecuario coma no de servizos persoais, especialmente na atención e coidado de persoas maiores.

En consecuencia, a principal política dirixida a aumentar ou, no seu defecto, a manter a poboación dun territorio é a creación de postos de traballo, que se manifesta como a única forma de fixar poboación. A situación xerada polo estado de alarma a consecuencia da covid-19 pode inducir a pensar que non é necesaria a creación estrita de postos de traballo, senón que abundaría con fixar poboación no territorio e que esta desenvolvese a súa actividade laboral a través do teletraballo, con independencia da localización física da empresa. A idea do teletraballo é moi tentadora, e máis pensando na *desurbanización* da que se fala ultimamente, pero para iso son necesarias boas infraestruturas de telecomunicación; e estas en Castela e León presentan importantes deficiencias.

A cobertura de redes de banda larga ultrarrápida a velocidades  $\geq 100$ Mbps só chegaba ao 66,7% dos fogares de Castela e León<sup>9</sup> no ano 2019, sendo a media de España do 83,6% (Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, 2020). O informe do ministerio non desagrega a cobertura por tamaño de municipios para cada comunidade autónoma, pero para o conxunto nacional, nos municipios con poboación entre 1.000 e 2.000 habitantes só ten cobertura o 28,9% dos fogares; para os de 500 a 1.000 habitantes a porcentaxe queda no 15%; os de 100 a 500, no 8,8%; e os de menos de 100, no 1,6% (Figura 7).

A relación entre o declive poboacional e a cobertura de banda larga nas distintas comunidades autónomas españolas, aínda que con algunhas excepcións, queda patente ao comparar as Figuras 2 e 7, destacando a denominada España baleirada. O problema da falta de cobertura é moito máis intenso nas zonas con maiores problemas de despoboamento. En concreto, nas zonas rurais a cobertura media de España non chega ao 50% dos fogares. Por iso urxe dotar desta infraestrutura ao conxunto do territorio da rexión, aínda correndo o risco de chegar demasiado tarde, porque non se pode pretender que se estableza poboación no medio rural nin que permaneza nel, se ao resto de deficiencias se lle une a falta de cobertura con banda larga que permita o normal desenvolvemento de actividades laborais e empresariais.

Ante un problema tan grave como o despoboamento en Castela e León, especialmente nas súas zonas rurais, todas as políticas orientadas a paliarlo son útiles e necesarias. Dentro desas políticas, as sociais desempeñan un papel fundamental, por canto teñen como principal obxectivo o benestar da sociedade á que van dirixidas. O enfoque tradicional das políticas sociais está orientado aos grandes servizos públicos (sanidade, educación, pensións, vivenda e servizos sociais persoais), pero "recentemente está a emerxer un novo enfoque da política social baseado en como esta lle afecta á vida das persoas", ademais de ter un enfoque territorial (Adelantado, 2004, p. 1).

<sup>9</sup> Só por diante de Estremadura e Galicia. É posible que os amantes ou afeccionados á estatística lle atopen algunha relación co despoboamento.




Figura 7. Fogares con cobertura de redes fixas a velocidades  $\geq 100$ Mbps.  
 Fonte: Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital (2020).

Estas políticas sociais teñen que ir máis aló de cubrir as capacidades básicas, que nunha sociedade avanzada podemos considerar cubertas na súa maior parte<sup>10</sup>, para preocuparse polas *capacidades aumentadas*, no sentido descrito polo United Nations Development Programme (UNDP) no *Human development report 2019* (UNDP, 2019): “Nos países desenvolvidos, o reto pode radicar en manter políticas sociais que lle proporcionen capacidades aumentadas ao maior número posible de persoas”.

Proporcionar estas capacidades aumentadas, nunha rexión como Castela e León, significa prestar servizos de calidade incluso naqueles territorios nos que, pola súa escasa poboación, non pareza socialmente rendible. Máis arriba mencionamos a cobertura de banda larga, especialmente deficiente no medio rural; ese pode ser un bo exemplo de cubrir capacidades aumentadas.

Centrándonos en políticas sociais, máis propiamente ditas, a educación podería ocupar o primeiro lugar, e non só en orde cronolóxica. Para combater o despoboamento actuando na parte baixa da pirámide, é preciso ofrecer un sistema educativo de calidade, entendido non só en termos do informe PISA ou similares, senón como a prestación dun servizo accesible e non discriminatorio, especialmente no medio rural con respecto ao mesmo servizo recibido nos núcleos máis poboados. Os colexios rurais agrupados poden ser a mellor forma de prestar un servizo educativo eficiente nos niveis de infantil e primaria, pero se para chegar ao centro os estudantes (nenos) han de percorrer un traxecto cunha duración superior a 45 minutos, non haberá moitos pais dispostos a establecer a súa residencia neses lugares e someter os seus fillos a esa peregrinación diaria. Aínda máis, unha cuestión adicional será, para facer atractivos eses colexios rurais, conseguir que presten máis e mellores servizos ca os urbanos (capacidades ampliadas).

Nos niveis educativos superiores é desexable evitar que os estudantes da comunidade opten por cursar os seus estudos fóra dela por cuestións puramente económicas: cunhas taxas universitarias no curso 2017-2018 en Castela e León un 29% superiores á media nacional tanto nos estudos de grao como nos de máster non habilitante (Ministerio de Ciencia, Investigación y Universidades, 2019), non só non será atractiva esta comunidade para os estudantes foráneos senón que se incentiva a saída dos propios cara a outras comunidades.

Dentro das políticas sociais merecen unha mención especial aquelas relacionadas co envellecemento, que constitúen unha parte non desprezable da economía do envellecemento. Segundo o estudo *The silver economy* da European Commission (2018), a “economía prateada” puido contribuír con 3,7 bi-

<sup>10</sup> Aínda que as necesidades ou as capacidades básicas son subxectivas e relativas, variando coas culturas, países, zonas de residencia ou niveis de ingresos.

llóns de euros ao consumo de bens e servizos na Unión Europea no ano 2015, e estímase que poderá alcanzar os 6,4 billóns de euros e 88 millóns de empregos no ano 2025, o que equivalería ao 32% do PIB e mais ao 38% do emprego da UE<sup>11</sup>. Segundo Rodríguez-Pardo del Castillo (2019, p. 47), “el consumo de la población mayor de 65 años representa ya el 40% del consumo de la población mundial”.

Unha parte moi importante desa “economía prateada” ou de avellentamento é a relacionada coa sanidade e a dependencia, entendidas ambas as dúas nun sentido amplo. Alemán (2013) considera que as principais necesidades que presentan as persoas maiores se poden resumir nun bo sistema de saúde, prevención do risco de pobreza, sostemento do sistema de pensións, ofrecemento de oportunidades de emprego para quen o desexe e creación e mantemento de servizos sociais que complementen as necesidades anteriores, tanto para as persoas maiores autónomas como para as dependentes.

Asumindo que para os xubilados actuais as pensións están garantidas e que, segundo a Enquisa de Condicións de Vida, os xubilados en España son o colectivo con menor risco de pobreza, ten sentido pór a énfase nas cuestións de saúde e nos servizos sociais.

A Junta de Castilla y León sempre se manifestou satisfeita do sistema de saúde que xestiona, especialmente no referente á medicina de familia e á pediatría de atención primaria. Tomando como referencia a taxa de profesionais de atención primaria por cada 1.000 habitantes protexidos, Castela e León é a comunidade autónoma que presenta nos últimos anos unha mellor taxa, con 1,1 fronte a unha media nacional de 0,8 (Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social, 2019). En termos de gasto sanitario público como porcentaxe do PIB ou en euros gastados por habitante, aínda que se mantén por riba da media nacional, xa se sitúa no centro da táboa<sup>12</sup>.

Porén, estes datos non reflicten fielmente a realidade. Por unha banda, é preciso ter presente a gran dispersión da poboación de Castela e León, posta de manifesto con anterioridade, o que implica dispor de máis sanitarios para prestar igual servizo. Por outra banda, hai que considerar a evolución do sistema de saúde da comunidade, xa que comparando o informe do Ministerio de Sanidade do ano 2018 co do 2010 se observa un retroceso significativo: tanto en médicos de familia como en gasto público por habitante se produciu un retroceso do 2,5% no período 2010 e 2017. Este descenso é inferior ao experimentado pola poboación total da comunidade neses anos, pero nese período a poboación maior de 64 anos aumentou case nun 4%.

A deterioración da sanidade na rexión parece que continuou desde 2017 (último ano para o que o informe do ministerio publica datos), como se evidenciou nas protestas tanto dos profesionais como dos cidadáns recollidas nos medios de comunicación<sup>13</sup>. Tamén se puxo de relevo recentemente, por mor da pandemia da covid-19, a escaseza de sanitarios e a precariedade con que desempeñan o seu traballo, consecuencia do insuficiente investimento en sanidade na última década.

Os problemas están a agravarse no medio rural, onde o *Nuevo modelo de asistencia sanitaria en el medio rural* (JCYL, 2019b), de cara a unha maior eficiencia, parece máis orientado a reducir efectivos sanitarios que a aumentalos, cando unha poboación cada vez máis avellentada require máis coidados e de máis proximidade. Por iso, é desexable utilizar ese envellecemento da poboación para dotar de máis efectivos sanitarios o medio rural. Ademais, para que eses postos se cubran, hai que lles ofrecer incentivos aos profesionais. É necesaria unha discriminación positiva, na que os salarios sexan unha parte

<sup>11</sup> É preciso advertir que o estudo considera *silver economy* a suma de todas as actividades económicas que satisfagan as necesidades das persoas de 50 anos ou máis, polo que as cifras serían sensiblemente inferiores se se tomase como referencia a idade de 65 anos.

<sup>12</sup> Estas medias están moi desfiguradas polas cifras de Cataluña e, especialmente, da Comunidade de Madrid, que en porcentaxe do PIB queda no 3,7 fronte ao 5,54 da media nacional e ao 6,5 de Castela e León. Excluíndo esas dúas comunidades, Castela e León presentaría valores moi próximos aos medios.

<sup>13</sup> Algúns titulares de prensa recentes, recollidos no apartado de noticias da web do Consejo de Colegios Oficiales de Médicos de Castilla y León (2020), falan de que “la escasez de médicos deja al [centro de saúde] Soria Norte sin un tercio de sus efectivos”, “SACYL amortiza 3 plazas de médicos rurales tras años sin cubrirse”, “el médico de once centros de salud de la región atiende a más de 40 pacientes al día”, “Barruelo protesta de nuevo para recuperar las guardias nocturnas perdidas hace un año”.

importante deses incentivos, pero non a única: os medios a disposición dos sanitarios e as condicións laborais deben ser un atractivo para que as prazas sexan cubertas.

Neste sentido, non parece moi efectivo o concurso de traslados aberto e permanente convocado pola Consejería de Sanidad no ano 2019 para a provisión de prazas vacantes correspondentes á categoría de licenciado especialista en Medicina Preventiva e Saúde Pública. Este sistema, que pode ser moi útil e eficiente para cubrir moitas das prazas vacantes, pode supoñer, como efecto non desexado, que as vacantes se despracen ás zonas menos atractivas, que, unha vez máis, estarán no medio rural.

Se a dotación de persoal sanitario, a nivel xeral, é fundamental no benestar das persoas maiores, aínda o é máis no ámbito dos centros residenciais dirixidos preferentemente a persoas maiores dependentes (as coñecidas como residencias de anciáns), como se puxo tristemente de manifesto a consecuencia da pandemia provocada pola covid-19. Segundo Abellán e Esparza (2009), con datos nacionais do censo do ano 2001, nestas residencias vivía o 1,8% das persoas maiores de 64 anos e o 5,8% das maiores de 84. Datos máis actuais indican que Castela e León contaba no ano 2018 con 47.798 prazas residenciais, distribuídas en algo máis de 700 residencias (Asociación Estatal de Directores y Gerentes en Servicios Sociales, 2019).

A prestación de servizos para satisfacer as capacidades aumentadas destes residentes implica, necesariamente, unha boa dotación de persoal cualificado nestas residencias, especialmente de persoal sanitario. Dado que a demanda de prazas nestes centros veu aumentando –e seguirao facendo– tanto polo envellecemento como polo descenso do apoio familiar entre xeracións (por cuestións laborais, de lugar de residencia e tamén sociolóxicas), esta debería ser outra importante fonte de emprego para o persoal sanitario, pero para iso cómpre unha clara vontade política.

En Castela e León, a Consejería de Familia e Igualdad de Oportunidades ditou un decreto no ano 2017 sobre a autorización e o funcionamento dos centros de atención a persoas maiores (Decreto 14/2017). Nel establécese un período transitorio para a dotación de persoal técnico sanitario neste tipo de centros, segundo o cal, “salvo acreditación efectuada por el servicio público de empleo de la inexistencia de demandantes de empleo con esta cualificación”, se lles esixirá ás entidades titulares que contén coa contratación de media xornada de persoal médico, de luns a venres, para os centros cun rango entre 50 e 89 persoas usuarias atendidas en estancia residencial; e media xornada de persoal de enfermaría para o rango de 20 a 60 usuarios. Estas esixencias serán válidas ata o 31 de decembro de 2021. A partir desa data as esixencias son menores, xa que se mantén a mesma dotación de persoal médico e de enfermaría pero aumenta o número de usuarios: en 2020 e 2023 só se esixirá media xornada de médico, de luns a venres, en centros con 90-170 usuarios, e media xornada de persoal de enfermaría en centros con 60-100 usuarios. A partir do 1 de xaneiro de 2024, esixirase a mesma dotación pero para centros con máis de 100 usuarios en persoal médico e máis de 59 no caso de persoal de enfermaría (disposición transitoria sexta).

En consecuencia, a esixencia de persoal médico e de enfermaría nas residencias diminuírá progresivamente ata o ano 2024, e estarán exentas de contar con persoal médico aquelas residencias con menos de 100 asistidos e con persoal de enfermaría as que contén con menos de 59 usuarios. Por tanto, a asistencia sanitaria correrá a cargo do sistema público de saúde en todas as residencias “pequenas”, así como nas fins de semana e máis naqueles casos en que a atención non poida ser prestada por persoal propio. Tendo en conta que na última década descendeu o número de médicos de familia e igualmente o gasto público en saúde por habitante, as menores esixencias de persoal sanitario propio nas residencias non só non permitirán atender mellor as capacidades aumentadas dos maiores, senón que estarán peor atendidas as básicas. Ademais, está a perderse a oportunidade de xerar postos de traballo cualificados e, en consecuencia, de actuar contra o despoboamento.

Sendo esencial a asistencia sanitaria, especialmente a de atención primaria, non hai que esquecer a prestación doutro tipo de servizos ás persoas maiores; servizos que cada vez serán máis demandados debido á maior lonxevidade e tamén ao descenso que xa está a experimentar o apoio familiar entre xeracións, e que supón un incremento das persoas maiores que viven soas: entre os anos 2015 e 2019, o número de persoas maiores que viven soas en Castela e León pasou de 127.600 a 143.600 (INE, 2020b).

Este colectivo de persoas, dada a súa vulnerabilidade crecente coa idade, necesita cada vez máis servizos de asistencia comunitaria que se presten no seu domicilio, o que atrasará o seu abandono e, en consecuencia, o despoboamento do seu lugar de residencia. Entre estes servizos cabe destacar a axuda a domicilio, especialmente para o apoio ou a realización das tarefas domésticas, ou mesmo para o aseo persoal ou simplemente acompañamento; a teleasistencia, como forma de control ou como medio de aviso ante calquera emerxencia; os servizos de proximidade, como o servizo de comida a domicilio ou de lavandaría, así como servizos de farmacia, de abastecemento de alimentos ou financeiros, especialmente necesarios para as persoas maiores do medio rural con dificultades para trasladarse á cidade ou á cabeceira de comarca; incluso os centros de día próximos ao domicilio, nos que ademais de facilitar as relacións sociais se poden prestar servizos como fisioterapia, terapia ocupacional, animación sociocultural, etcétera.

En definitiva, expóñense novas situacións que requiren prestación de servizos e novos perfís profesionais capaces de atender as necesidades creadas por esta nova realidade. Ábrense, pois, novos nichos de emprego, novas directrices e novas demandas formativas (Fundación EOI, 2002).

En Castela e León, e en España en xeral, o nivel de prestación destes servizos afástase bastante dos países máis avanzados. Tomando como referencia o modelo sueco, se en España se aplicasen os mesmos estándares de cobertura e intensidade protectora que existen en Suecia, a porcentaxe de persoas maiores de 65 anos atendidas polo sistema pasaría do 7,2% ao 18,8%, o que suporía un aumento superior ao 250% (Martínez, Roldán e Sastre, 2018). Isto podería implicar a xeración de 400.000 emprego netos en España, segundo estes autores<sup>14</sup>.

## 6. Conclusións

A Comunidade de Castela e León enfróntase aos mesmos problemas demográficos que o resto de España e boa parte do mundo desenvolvido, pero neste territorio os problemas son máis graves ao contar con índices de envellecemento e *sobreenvellecemento* moi superiores aos de España, e cun descenso continuado de poboación: nos últimos 50 anos perdeu máis do 10% da súa poboación residente e só os anos 1982 e 1983 e os do período 2003-2009 presentaron variacións positivas. A situación é máis preocupante nas tres provincias do oeste da comunidade, así como en Soria e Palencia.

Tanto o problema do envellecemento coma o de despoboamento son máis acuciantes no medio rural, onde a falta de emprego e a escaseza de servizos motivou unha forte corrente migratoria desde principios dos anos sesenta do século XX.

Aínda que en moitos municipios a situación parece irreversible (o 80% dos municipios da comunidade teñen menos de 500 habitantes), é necesario e urxente actuar para combater esta dinámica, modificando as políticas que se viñeron aplicando ou ben implementando outras novas.

O envellecemento, entendido como maior lonxevidade, é máis un logro que un problema das sociedades desenvolvidas, pero a descompensación da estrutura poboacional si constitúe un problema que afectará de forma negativa á evolución da poboación. Por iso é necesario favorecer o establecemento e a permanencia de poboación nova, para o que se precisan postos de traballo e prestación de servizos de forma que se reduzan as diferenzas nas condicións de vida respecto ás medias e grandes cidades.

Unha fonte de emprego importante é a relacionada coa atención ás persoas maiores, especialmente se se pretenden satisfacer as capacidades aumentadas que vimos citando. Isto permitiría xerar un elevado número de postos de traballo. Moitos destes empregos corresponderían a persoal sanitario, pero outros moitos requirirían niveis de cualificación inferiores e nunha ampla porcentaxe serían cubertos por traballadores inmigrantes, polo que se fai necesario facilitar a chegada e a integración no mercado laboral deste tipo de traballadores. Os inmigrantes, dado que maioritariamente son poboación nova, contribúen tanto á redución do índice de envellecemento como a retardar o despoboamento.

---

<sup>14</sup> Este estudo inclúe a atención residencial.

En definitiva, trátase de abordar o reto do envellecemento de forma que se transforme nunha oportunidade para paliar o problema do despoboamento mediante a xeración de emprego. Pero para que eses postos de traballo se cubran, é preciso que as condicións laborais sexan polo menos tan atractivas como noutros territorios. Para conseguilo, será necesario ofrecerlles a estes traballadores unha bonificación, salarial e/ou doutro tipo. A calidade na prestación dos servizos ha de ser unha característica diferenciadora que permita non só evitar o despoboamento, senón atraer poboación. Pero para alcanzar eses servizos de calidade, é necesario que os postos de traballo xerados tamén sexan de calidade.

## Bibliografía

- Abellán, A., e Esparza, C. (2009). Solidaridad, familia y dependencia entre las personas mayores. *Informes Portal Mayores*, 99, 1-19.  
Recuperado de: <http://envejecimiento.csic.es/documentos/documentos/pm-solidaridad-familiar.pdf>
- Adelantado, J. (2004). *Las políticas sociales*.  
Recuperado de <https://campus.usal.es/~dpublico/areacp/materiales/6.2.laspolicassociales.pdf>
- Alcaide, J. (Dir.). (2007). *Evolución de la población española durante el siglo XX, por provincias y comunidades autónomas*. Bilbao: Fundación BBVA. Recuperado de: <https://www.fbbva.es/publicaciones/evolucion-de-la-poblacion-espanola-en-el-siglo-xx-por-provincias-y-comunidades-autonomas/>
- Alemán, C. (2013). Políticas públicas para mayores. *Gestión y Análisis de Políticas Públicas*, 9. Recuperado de <https://www.redalyc.org/articulo.oa?id=281528255001>
- Asociación Estatal de Directores y Gerentes en Servicios Sociales. (2019). *Situación y evolución de los servicios residenciales para personas mayores en España y en cada una de las Comunidades Autónomas (2010/2018)*.  
Recuperado de: <https://www.news3edad.com/wp-content/uploads/2020/01/Gr%C3%A1ficos-Residencias-2018.pdf>
- Cabré, A., Domingo, A., e Menacho, T. (2001). Demografía y crecimiento de la población española durante el siglo XX. En M. Pimentel Siles (Coord.), *Procesos migratorios, economía y personas* (pp. 121-138). Almería: Instituto de Estudios de Cajamar.  
Recuperado de: <https://www.publicacionescajamar.es/publicacionescajamar/public/pdf/publicaciones-periodicas/mediterraneo-economico/1/mediterraneo-economico-1.pdf>
- Castro-Martín, T., Martín-García, T., Abellán, A., Pujol, R., e Puga, D. (2015). Tras las huellas de la crisis económica en la demografía española. *Panorama Social*, 22. Madrid: FUNCAS.  
Recuperado de: <https://www.funcas.es/Publicaciones/Detalle.aspx?IdArt=22238>
- Comisión de las Comunidades Europeas. (2005). *Comunicación de la Comisión, de 16 de marzo de 2005. Libro Verde «Frente a los cambios demográficos, una nueva solidaridad entre generaciones»*. COM(2005) 94 final. Bruselas, Bélgica: Comisión de las Comunidades Europeas.  
Recuperado de <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/?uri=CELEX:52005DC0094>
- Comisión de las Comunidades Europeas. (2006). *Comunicación de la Comisión, de 12 de octubre de 2006, «El futuro demográfico de Europa: transformar un reto en una oportunidad»*. COM(2006) 571 final. Bruselas, Bélgica: Comisión de las Comunidades Europeas.  
Recuperado de: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/HTML/?uri=LEGISSUM:c10160&from=EN>
- Comisión de las Comunidades Europeas. (2007). *Comunicación de la Comisión, de 11 de septiembre de 2007, «Tercer informe anual sobre inmigración e integración»*. COM(2007) 512 final. Bruselas, Bélgica: Comisión de las Comunidades Europeas. Recuperado de: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/ALL/?uri=CELEX:52007DC0512>
- Comisionado del Gobierno frente al Reto Demográfico. (2019). *Estrategia nacional frente al reto demográfico. Directrices generales*. Madrid: Ministerio de Política Territorial y Función Pública. Recuperado de: [https://www.mptfp.gob.es/dam/es/portal/reto\\_demografico/Estrategia\\_Nacional/directrices\\_generales\\_estrategia.pdf.pdf](https://www.mptfp.gob.es/dam/es/portal/reto_demografico/Estrategia_Nacional/directrices_generales_estrategia.pdf.pdf)
- Consejo de Colegios Oficiales de Médicos de Castilla y León. (2020). Noticias del CCOMCYL. Dosieres de prensa. León: CCOMCYL. Recuperado de <http://www.colegiosmedicoscastillayleon.com/noticias.html>
- Consejo Económico y Social de Castilla y León. (2017). *Informe sobre la situación económica y social de Castilla y León en 2016*. Valladolid: Consejo Económico y Social de Castilla y León. Recuperado de: <http://www.cescyl.es/es/publicaciones/informes-anales/informe-situacion-economica-social-castilla-leon-2016-4c1f>



- Decreto 14/2017, de 27 de julio, de autorización y funcionamiento de los centros de carácter social para la atención a las personas mayores en Castilla y León. *Boletín Oficial de Castilla y León*, 145, de 31 de julio de 2017, 31600-31643. Recuperado de: <http://bocyl.jcyl.es/boletines/2017/07/31/pdf/BOCYL-D-31072017-1.pdf>
- Dumont, G. F. (2001). Problemas y políticas demográficas en Europa. El papel de las ciudades. En A. Revilla Bonnin e A. J. Precado Ledo (Coord.), *Los problemas demográficos en el cambio de siglo* (pp. 13-29). A Coruña: Instituto de Estudios Económicos.  
Recuperado de: [https://papers.ssrn.com/sol3/papers.cfm?abstract\\_id=2994704](https://papers.ssrn.com/sol3/papers.cfm?abstract_id=2994704)
- European Commission. (2018). *The silver economy. Final report*. Brussels, Belgium: European Commission. Recuperado de: <https://op.europa.eu/en/publication-detail/-/publication/a9efa929-3ec7-11e8-b5fe-01aa75ed71a1>
- Eurostat. (2020). *Variation de la population par région NUTS 2 - taux de variation, de variation naturelle et solde migratoire plus ajustement*. Luxembourg, Luxembourg: Eurostat.  
Recuperado de: <https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/tgs00099/default/table?lang=fr>
- Fundación EOI. (2002). *El envejecimiento de la población: nuevas oportunidades de empleo y formación*. Madrid: Fundación EOI. Recuperado de: <https://www.eoi.es/es/savia/publicaciones/19830/el-envejecimiento-de-la-poblacion-nuevas-oportunidades-de-empleo-y-formacion>
- González-Leonardo, M., e López-Gay, A. (2019). Emigración y fuga de talento en Castilla y León. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 80, 1-31. DOI: <http://dx.doi.org/10.21138/bage.2612>
- Instituto Nacional de Estadística. (2018). *Proyecciones de la población de España 2018-2068*. Madrid: INE. Recuperado de: [https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica\\_C&cid=1254736176953&menu=ultiDatos&idp=1254735572981](https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736176953&menu=ultiDatos&idp=1254735572981)
- Instituto Nacional de Estadística. (2020a). *Indicadores demográficos básicos*. Madrid: INE.  
Recuperado de: <https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=1432#!tabs-tabla>
- Instituto Nacional de Estadística. (2020b). *Encuesta continua de hogares*. Madrid: INE. Recuperado de: <https://www.ine.es/jaxi/Tabla.htm?path=/t20/p274/serie/prov/p05/l0/&file=03012.px&L=0>
- Junta de Castilla y León. (2010). *Agenda para la población de Castilla y León 2010-2020. Versión inicial*. Valladolid: Junta de Castilla y León. Recuperado de: <https://www.jcyl.es/web/es/agendapoblacion/agenda-para-poblacion/agenda-poblacion-2010-2020.html>
- Junta de Castilla y León. (2017). *Agenda para la población de Castilla y León 2010-2020. Medidas*. Valladolid: Junta de Castilla y León. Recuperado de: <https://www.jcyl.es/web/es/agendapoblacion/agenda-para-poblacion/agenda-poblacion-2010-2020.html>
- Junta de Castilla y León. (2019a). *Indicadores demográficos. Definiciones 2012-2014*. Valladolid: Junta de Castilla y León. Recuperado de: <https://estadistica.jcyl.es/web/es/estadisticas-temas/indicadores-demograficos.html>
- Junta de Castilla y León. (2019b). *Nuevo modelo de asistencia sanitaria en el medio rural. Documento marco*. Valladolid: Junta de Castilla y León. Recuperado de: <https://www.saludcastillayleon.es/institucion/es>
- Lei 45/2007, de 13 de diciembre para o desenvolvemento sostible do medio rural. Lexislación consolidada. *Boletín Oficial del Estado*, 299, de 14 de diciembre de 2007. Referencia: BOE-A-2007-21493. Última modificación: 21 de outubro de 2009.  
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2007/BOE-A-2007-21493-consolidado.pdf>
- López Trigal, I., e Prieto Sarro, L. (1999). Evolución demográfica reciente y ordenación del territorio en Castilla y León. *Revista de Investigación Económica y Social de Castilla y León*, 1, 87-102.  
Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1219339>
- Lorenzo, F. (Coord.). (2014). *VII Informe sobre exclusión y desarrollo social en España*. Madrid: Fundación FOESSA. Recuperado de: <https://www.foessa2014.es/informe/uploaded/descargas/VII INFORME.pdf>
- Martínez, R., Roldán, S., e Sastre, M. (2018). La atención a la dependencia en España. Evaluación del sistema actual y propuesta de implantación de un sistema basado en el derecho universal de atención suficiente por parte de los servicios públicos. Estudio de su viabilidad económica y de sus impactos económicos y sociales. *Papeles de Trabajo 5/2018*. Madrid: Instituto de Estudios Fiscales.  
Recuperado de: [https://www.ief.es/docs/destacados/publicaciones/papeles\\_trabajo/2018\\_05.pdf](https://www.ief.es/docs/destacados/publicaciones/papeles_trabajo/2018_05.pdf)
- Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital. (2020). *Cobertura de banda ancha en España en el año 2019*. Madrid: Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales.  
Recuperado de: <https://advancedigital.gob.es/banda-ancha/cobertura/Paginas/informes-cobertura.aspx>

- Ministerio de Ciencia, Investigación y Universidades. (2019). *Datos y cifras del sistema universitario español. Publicación 2018-2019*. Madrid: Ministerio de Ciencia, Investigación y Universidades. Recuperado de: <https://www.ciencia.gob.es/stfls/MICINN/Universidades/Ficheros/Estadisticas/datos-y-cifras-SUE-2018-19.pdf>
- Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino. (2009). Población y sociedad rural. Análisis y prospectiva. *Serie Agrinfo 12*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino. Recuperado de: [https://www.mapa.gob.es/es/ministerio/servicios/analisis-y-prospectiva/Agrinfo12\\_tcm30-88390.pdf](https://www.mapa.gob.es/es/ministerio/servicios/analisis-y-prospectiva/Agrinfo12_tcm30-88390.pdf)
- Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social. (2019). *Informe Anual del Sistema Nacional de Salud 2018*. Madrid: Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social. Recuperado de: <https://www.mscbs.gob.es/estadEstudios/estadisticas/sisInfSanSNS/tablasEstadisticas/InfAnSNS.htm>
- Pinilla, V., e Sáez, L. A. (2016). *La despoblación rural en España: génesis de un problema y políticas innovadoras. SSPA (Áreas Escasamente Pobladas del Sur de Europa)*. Recuperado de: <http://sspa-network.eu/wp-content/uploads/Informe-CEDDAR-def-logo.pdf>
- Rodríguez-Pardo del Castillo, J. M. (2019). La derivada de la longevidad. *Ekonomiaz*, 96, 30-51. Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7172061>
- United Nations Development Programme. (2019). *Human development report 2019. Beyond inome, beyond averages, beyond today: Inequalities in human development in the 21st century*. New York, NY: UNDP. Recuperado de: <http://hdr.undp.org/en/2019-report>
- Zoido, F., e Arroyo, A. (2003). La población de España. En A. Arroyo (Ed.), *Tendencias demográficas durante el siglo XX en España* (pp. 19-75). Madrid. Instituto Nacional de Estadística. Recuperado de: [https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es\\_ES&c=INEPublicacion\\_C&cid=1259924959283&p=1254735110672&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayout&param1=PYSDetalleGratuitas](https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INEPublicacion_C&cid=1259924959283&p=1254735110672&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayout&param1=PYSDetalleGratuitas)